



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE OURENSE PARA A INTEGRAR A XESTIÓN AMBIENTAL NO SECTOR DA HOSTALERÍA COA REALIZACIÓN DE XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E MATERIAS CON ELA RELACIONADAS, NO ÁMBITO DA PROVINCIA DE OURENSE.

En Santiago de Compostela,

09 NOV. 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo *Decreto 148/2016, do 13 de novembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia*, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da *Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*.

Doutra parte, Don Ovidio Fernández Ojea, na súa condición de presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da provincia de Ourense, con NIF G32478141, actuando no nome e representación desta entidade.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

I. Este convenio ten por obxecto establecer as condicións dun proxecto autonómico de sensibilización do sector da hostalería na provincia de Ourense que rexerán a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería para integrar a xestión ambiental no sector da hostalería na provincia por medio de medidas dirixidas ao impulso e mellora na ecoxestión do sector hostaleiro asociado, á mellora no aforro de consumo de auga, o aforro enerxético; a minimización do desperdicio alimentario e a correcta xestión dos residuos, así como á realización de actividades de sensibilización. O carácter autonómico deste proxecto implica que, as outras asociacións provinciais de empresarios de hostalería de Coruña, Pontevedra e Lugo, de maneira paralela a Asociación Provincial de Ourense, levarán a cabo tamén as mesmas accións de mellora na xestión ambiental do sector. Desta maneira, o número total de locais que participarán na implementación das medidas descritas neste convenio ascenderá a 3.700, favorecendo unha repercusión global no territorio galego da posta en marcha das medidas de ecoxestión do sector hostaleiro. Así mesmo, a difusión autonómica entre usuarios,





XUNTA DE GALICIA

turistas e profesionais das medidas mencionadas, favorecerá a percepción positiva do sector hostaleiro galego no ámbito autonómico, nacional e internacional.

II. Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, segundo o artigo 1 do *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española. En particular exercerá a través da anteriormente denominada Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental. Posteriormente, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia crea a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e lle atribúe as competencias da citada Secretaría Xeral, entre outras, as competencias e funcións en materia de residuos.

III. Que a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Ourense (en diante a "Asociación") foi constituída ao amparo da Lei 2/1971, do 17 de febreiro e cumpre todos os requisitos establecidos no art.10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, para obter a condición de beneficiario.

Esta Asociación Provincial conta na actualidade con 600 asociados e é unha entidade profesional sen ánimo de lucro que promove a innovación, formación e profesionalización do sector hostaleiro na provincia ourensá. A dita asociación é un pilar básico dentro do tecido empresarial de Ourense, sendo motor de cambio en actitudes encamiñadas a reducir o impacto ambiental e potenciar a profesionalización, o que contribúe de forma notable á mellora do noso sector hostaleiro como eixo dinamizador da marca Galicia como destino turístico.

Entre os obxectivos da Asociación está a mellora continua do sector como motor principal de dinamización económica, colaborando para elo con diferentes organismos públicos, ONG e participando en proxectos tanto nacionais como internacionais. Entre os seus obxectivos tamén está a concienciación e responsabilidade para coa conservación do medio. A redución da pegada de carbono é un dos seus obxectivos fundamentais contribuíndo de maneira efectiva á redución de gases de efecto invernadoiro e a loita para frear o cambio climático.



XUNTA DE GALICIA

A singularidade do proxecto ven determinada polas accións de sensibilización, responsabilidade social e sustentabilidade empresarial que se queren implantar no sector a nivel autonómico, como un elemento máis de competitividade e diferenciación.

As actuacións a desenvolver dentro deste convenio, a través da realización de xornadas de sensibilización, pretenden ser un eixo vertebrador da implantación de diferentes medidas de impulso e mellora na eco-xestión de todo o sector hostaleiro, incidindo na importancia de formarse na implantación de medidas de redución do consumo de auga, aforro enerxético, minimización do desperdicio alimentario e a correcta xestión dos residuos a través da reciclaxe.

Ademais, de forma complementaria ás xornadas de sensibilización, financiarase a compra de consumibles ecolóxicos para distribuír entre todos os establecementos asociados que o soliciten e que redunden directamente na minimización do desperdicio alimentario e no consumo responsable.

A especificidade destas actuacións (xornadas de sensibilización e posta a disposición de consumibles ecolóxicos), son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da CMAOT, xustifican a axuda de 60.000 euros a través da formalización dun Convenio de Colaboración.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMAOT e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Ourense, dentro do marco de colaboración existente entre ambos organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para desenvolver un proxecto autonómico centrado no sector hostaleiro, acordando a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Ourense, para integrar a xestión ambiental no sector da hostalería coa realización de xornadas de sensibilización ambiental e materias con ela relacionadas, no ámbito da provincia de Ourense. Asemade, as medidas descritas neste convenio terán a súa réplica no resto das provincias galegas, reforzando desta maneira o obxectivo de mellorar a xestión medioambiental do sector hostaleiro galego. Así mesmo, tamén é obxecto deste convenio, establecer as condicións necesarias para subvencionar a compra por parte da Asociación e posterior reparto entre todos os seus asociados, de elementos que reforcen o tratado nestas campañas de sensibilización,



XUNTA DE GALICIA

tales como: bolsas e fiambreiras (tuppers) ecolóxicas, en liña coa medida de mitigación do desperdicio alimentario e o consumo responsable.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE OURENSE.

A Asociación Provincial comprométense ao seguinte:

1. A organización das actividades de sensibilización que se relacionan no anexo, así como á súa divulgación. As ditas actividades deberán desenvolverse en galego.
2. As actividades de sensibilización deberán realizarse por persoal con titulacións e/ou experiencia demostrada relacionada coa materia medioambiental. Das actividades de sensibilización desenvolvidas a Asociación elaborará unha memoria xustificativa que entregará á CMAOT antes do 10 de decembro do 2017.
3. Distribuír entre todos os asociados que o soliciten fiambreiras e bolsas ecolóxicas que cumpran o estipulado no anexo. Do reparto, a Asociación dará cumprida conta a través dunha memoria xustificativa onde se relacione o nome do establecemento, cantidade de elementos recibidos, así como un documento asinado polo establecemento onde o responsable deste asine que a información que se reflicte na dita memoria correspóndese co percibido polo establecemento. A dita memoria e documentación complementaria (documentos asinados polos asociados) deberá presentarse antes do 10 de decembro do 2017.
4. A elaboración doutras memorias e informes sobre asistencia, estado e cumprimento das actividades sinaladas no anexo deste convenio, así como daquelas outras actividades relacionadas que contribúan á consecución dos obxectivos deste convenio, que sexan requiridos pola CMAOT.
5. Facer figurar expresamente en todos os anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da Xunta de Galicia.
6. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
7. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola CMAOT en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.





XUNTA DE GALICIA

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1. A supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a actividade para integrar a xestión ambiental no sector da hostalería coa a realización de xornadas de sensibilización e fomento da xestión ambiental e materias con ela relacionadas, no ámbito da provincia de Ourense.
2. Financiar as actividades contempladas no convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio achegará dentro do exercicio 2017, unha contía de sesenta mil euros (60.000 €), IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 07 02 541E 781.0 proxecto 2017 00083 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, para a realización das accións descritas no presente convenio.

En todo o non disposto por este convenio, no que ao réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento*.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da provincia de Ourense, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) De acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a CMAOT o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables e se realicen dende o 1 de outubro de 2017 ata o 1 de



XUNTA DE GALICIA

decembro de 2017. A tales efectos antes do 10 de decembro de 2017 a Asociación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. As xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMAOT, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar á CMAOT, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.
- e) Reintegrar á CMAOT, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e os intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



SÉXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por tres membros, un representante a proposta da Asociación de Empresarios de Hostalería de Ourense e dous membros designados pola CMAOT que se ocuparán de levar a termo as estipulacións do presente Convenio.

Esta Comisión terá como funcións, o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da súa execución que así o requiran, asegurar o



XUNTA DE GALICIA

intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A dita comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

A presidencia da Comisión de Seguimento será exercida pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e a Secretaría polo representante da Asociación.

A normas de funcionamento se rexerán polo previsto na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

OITAVA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

NOVENA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, así como por:

- ✓ * Transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- ✓ Incumprimento das obrigas adquiridas.
- ✓ Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- ✓ Por calquera outra causa prevista nas leis.



DÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.



XUNTA DE GALICIA

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no seu Regulamento de desenvolvemento.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas neste, de conformidade co artigo 15 da *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia* (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

Beatriz Mato Otero



O presidente da Asociación Provincial de
Empresarios de Hostalería de Ourense

Ovidio Fernández Ojea



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE OURENSE PARA A INTEGRAR A XESTIÓN AMBIENTAL NO SECTOR DA HOSTALERÍA COA REALIZACIÓN DE XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E MATERIAS CON ELA RELACIONADAS, NO ÁMBITO DA PROVINCIA DE OURENSE

1. XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL NO SECTOR HOSTALEIRO

A hostalería representa un dos sectores clave da nosa economía, sendo un dos principais responsables da situación actual de crecemento económico e xeración de emprego.

A actividade hostaleira conleva importantes consumos de enerxía, auga, produce emisións de gases de efecto invernadoiro e ademais xera unha serie de residuos que é necesario tratar. A sociedade está a comprender que unha xestión adecuada dos recursos é a única maneira de conservalos, de maneira que a aplicación de criterios de sustentabilidade que satisfagan as necesidades actuais producindo beneficios económicos e, á vez, protexan e fomenten oportunidades para as xeracións futuras, é vista cada vez máis, tanto polos profesionais da hostalería como polos consumidores, como unha vantaxe competitiva.

En consecuencia, a aposta pola sustentabilidade ambiental, a economía circular e a loita contra o cambio climático no sector hostaleiro constitúe, ademais dun acto de responsabilidade fronte á sociedade, unha oportunidade para fomentar a modernización, aforro e eficacia dos locais de hostalería, que viría acompañada de beneficios ambientais, competitivos e económicos.

A ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

As xornadas de sensibilización levaranse a cabo na sede da Asociación Provincial ou noutros espazos a definir sempre que reúnan as condicións idóneas para a súa execución.

A asociación deberá, para cada unha das accións de sensibilización, facilitar o material de librería, tipo bolígrafo, caderno, así como a expedición de certificados e diplomas. Todo a material deberá ser producido e editado en galego.

As xornadas de sensibilización terán unha duración mínima de catro horas. O número mínimo será de 10 persoas e un máximo de 25.



XUNTA DE GALICIA

Será necesario realizar un control de asistencia por cada unha das accións de sensibilización, que serán remitidos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, para verificar o seguimento de todas e cada unha das xornadas.

Rematadas todas as accións de sensibilización, entregarase unha memoria final en formato papel e dixital. O informe conterá como mínimo:

- ✓ Relación detallada de cada unha das accións levadas a cabo
- ✓ Resumo de todas e cada unha das accións de sensibilización realizadas
- ✓ Táboas de asistencia
- ✓ Informe de avaliación e satisfacción dos asistentes as xornadas
- ✓ Análise e avaliación dos resultados
- ✓ Material gráfico
- ✓ Memoria Económica de cada unha das xornadas

MEDIOS E EQUIPO TÉCNICO:

Para o correcto desenvolvemento das diferentes xornadas a Asociación deberá contar con persoal cualificado e con experiencia nas materias a impartir, así como co material técnico axeitado para o correcto cumprimento dos obxectivos destas xornadas.

As xornadas de sensibilización ambiental financiadas, versarán sobre as seguintes temáticas:



- ✓ Aforro enerxético
- ✓ Aforro no consumo de auga
- ✓ A redución do desperdicio alimentario
- ✓ A correcta xestión dos residuos e a reciclaxe

B. CUSTES ECONÓMICOS E XUSTIFICACIÓN

O custe total de cada xornada abranguerá a disposición de medios audiovisuais que fosen precisos, aluguer ou disposición da sala onde impartilas, o custe do persoal que impartirá as



XUNTA DE GALICIA

xornadas, desprazamentos, dietas así como calquera outro custe derivado. Este custe, en ningún caso, poderá superar os 1.200 €/xornada (IVE incluído).

O total destinado neste convenio para este concepto será de 20.000 € (IVE incluído).

As xustificacións realizaranse mediante factura ou documento contable de valor probatorio equivalente, orixinais, ou fotocopias compulsadas e os correspondentes xustificantes de pago de ditos gastos.

Xunto con esta documentación xuntarase unha memoria descritiva do traballo desenvolvido cos custos nos que se incorreu desagregado por conceptos. A dita memoria deberá achegarse xunto coas facturas, e en todo caso, antes do día 10 de decembro do 2017.

Non se financiarán os custes de persoal vinculado á entidade beneficiaria.

A Asociación Provincial deberá custodiar as facturas e demais documentos que acrediten os gastos obxecto da axuda, e telos a disposición dos órganos concedentes que poderá requirilos para a súa comprobación.

2. COMPRA E DISTRIBUCIÓN DE CONSUMIBLES ECOLÓXICOS

É tamén obxecto deste convenio a compra por parte da Asociación Provincial e posterior distribución entre todos os seus asociados que así o soliciten, de material consumible que sirva de apoio ás xornadas de sensibilización ambiental que favorezan a posta en marcha dos coñecementos adquiridos, en concreto, respecto da importancia da mitigación do desperdicio alimentario e do consumo responsable.

Consecuentemente, serán consumibles financiados dentro deste convenio os seguintes:

- ✓ Bolsas ecolóxicas.
- ✓ Fiambreiras ("tuppers") ecolóxicas.

A. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ECONÓMICAS

Fiambreiras:

- ✓ Deberán estar elaboradas de material ecolóxico ou biodegradable.
- ✓ En canto á súa vida útil poderán ser dun só uso ou reutilizables.





XUNTA DE GALICIA

- ✓ O custo medio unitario variará en función do material do que estean elaboradas e da súa vida útil. En todo caso non poderán superar un custo total unitario de catro euros e medio (4,5 €/unidade), IVE incluído. A cantidade máxima fixada para a súa compra son vinte mil euros (20.000 €).
- ✓ A Asociación, como beneficiaria deste convenio, poderá poñer a disposición de todos os seus asociados que así o soliciten os materiais, dando conta do reparto a través dunha memoria xustificativa, xuntando así mesmo albará ou documento similar asinado por parte do establecemento asociado perceptor. A dita memoria entregárase ante a CMAOT xunto coas facturas correspondentes antes do 10 de decembro de 2017.

Bolsas:

- ✓ Deberán estar elaboradas de material ecolóxico ou biodegradable (por exemplo tela).
- ✓ En canto á súa vida útil deberán ser reutilizables.
- ✓ Todas as bolsas deberán estar serigrafiadas co logotipo da Xunta de Galicia seguindo o manual de identidade corporativa.
- ✓ O custo medio unitario variará en función do material. En todo caso non poderán superar un custo total unitario de dous euros con sete céntimos (2,7 €/unidade), IVE incluído. A cantidade máxima fixada para a súa compra non poderá superar os vinte mil euros (20.000 €).
- ✓ A Asociación poderá poñer a disposición de todos os asociados que o soliciten os materiais, dando conta do reparto a través dunha memoria xustificativa, xuntando así mesmo albará ou documento similar asinado por parte do establecemento asociado perceptor. A dita memoria entregárase ante a CMAOT xunto coas facturas correspondentes antes do 10 de decembro de 2017.

